

MIGUEL SANTALICES, PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

“Se están ben aproveitadas, as comisións de investigación poden chegar moitísima información”

A poucas horas de rematar o ano, que balance fai deste 2018 na Cámara?

Un balance moi positivo. Seguimos sendo o Parlamento con máis horas de debate dentro do contexto español. Seguimos sendo o máis eficiente, pois somos o que menos custa ós presupostos públicos. Esta é unha liña que emprendemos hai aproximadamente dous anos, unha liña de moito traballo e moito debate. Son moitas horas as que debatimos, hai moita proposición de lei, moitas proposicións non de lei e un debate moi fondo cunha porcentaxe de consenso aceptable, en torno o 60 % en algúns temas. Polo tanto, é un balance satisfactorio, mantémonos nunha liña de produción de debate grande a un custo relativamente cativo.

Cal foi o momento máis salientable do ano na vida dentro da institución?

Hai moitos momentos salientables, pero este ano deixounos un compañeiro, o deputado do PPdeG, Carlos López Crespo. Eu creo que iso marcou o momento máis emotivo. Era un deputado inquebdo e cheo de vitalidade, pero unha enfermidade traizoira segoulle a vida. Este foi o momento con máis carga de profundidade vivido tanto polo grupo popular, pero tamén hai que decilo, por todos os grupos da oposición.

Hai tanta tensión entre os deputados fóra do hemiciclo como se percibe as veces dende dentro?

Todos temos unha relación marcada por un tempo que estamos convivindo xuntos que fai que exista unha relación de familiaridade, e incluso de amizade, como me consta que hai entre deputados. Eu teño deputados que non pertencen o meu grupo e teño unha magnífica relación con eles. O debate parlamentario pode ser duro, pero eso non está rifado

co sentimento de ser un deputado amable. Se pode ser moi duro, pero ó mesmo tempo moi familiar en torno ás persoas coas que convives.

A nivel nacional estase a dar un debate en torno a se debe endurecerse o regulamento para impedir que a Cámara se convirta, ás veces, nun plató de televisión. Cre que é necesario ou hai mecanismos para reconducir certo estilo de intervencións, como por exemplo as do señor Rufián (ERC)?

Coído que hai diferenzas entre o Parlamento nacional e o galego. O nacional e máis complexo, son 350 deputados e aquí somos 75. No noso Parlamento non percibo situacións como as que se viven no Congreso, afortunadamente. Penso que debido o noso carácter, isto non vai implementarse. Mecanismos legais para impedilo existen. O sentido común impere neste. Hai expresións que atentan contra a dignidade do deputado e do grupo e hai un artigo que o contempla e pode obrigarse ó deputado a que retire esa expresión, ou que non conste no diario de sesións, e por suposto, chamalo á orde. Se persiste nesa actitude, dúas chamadas á orde miñas supoñen a expulsión. Se se provoca un desorde, unha alteración que pode pór en perigo a propia institución, hai outro artigo polo cal se pode expulsar inmediatamente o deputado, incluso sen ter que facer advertencias previas. Pero non é o normal, e menos en Galicia.

Xa en clave galega, este fin de ano está marcado pola polémica en torno ás comisións que investigan o accidente do Marisqueño e os recortes na sanidade, da que a oposición non participa e promove unha comisión alternativa. Cre que as comisións son útiles ou buscan máis o rédito mediático?



BREVE CURRÍCULUM

Datos personais: Miguel Ángel Santalices Vieira naceu en Bande (Ourense) no ano 1955. Licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela, é funcionario do corpo especial de Xestión e Administración Sanitaria. Deputado do PPdeG no Parlamento de Galicia desde o ano 1997. Preside a Cámara autonómica desde que foi elixido para o cargo o 26 de xaneiro de 2016.

As comisións de investigación ben aproveitadas arrojan moitísima información. Eu presidín as das caixas, e podo dicir que foi moita a información que aportaron os comparecetes. Na comisión da Sanidade van comparecer o conselleiro e o presidente da Xunta, e están comparecendo os profesionais. Independentemente de que algúns grupos non aceptasen o plan de traballo, seguro que se pode extraer moita información que pode dar luz sobre eses temas.

Qué lle parecen as propostas de recentralizar competencias?

Non estou de acordo. Costou moito conqueralas e a Galicia lle foi moi ben. O sistema sanitario galego foi perfeccionado grazas á transferencia. Antes non tiñamos aquí unidade de cirurxía cardíaca, hoxe temos tres; non tiñamos cirurxía pediátrica, hoxe a temos en casi todos os hospitais; puídemos facer hospitais novos onde se necesitaban. Non tiñamos o 061 para o transporte urxente... Non manter estas competencias sería un retroceso. Eu nese senso son moi galeguista, moi autonomista e partidario de manter o autogoberno.

Hai motivos para preocuparse pola irrupción de Vox nas institucións?

Eu estaría absolutamente tranquilo, porque este é un proceso de elección democrático no que a representatividade se da a través dos votos dos cidadáns. E o mesmo que os dan tamén os quitan. Hai mecanismos dentro do marco legal como para controlar as situacións que se aparten da Constitución. Eu non estou preocupado por eso, e moito menos Galicia. O que si habería que facer é a reflexión de por que se están producindo eses votos. Eso si que merece unha reflexión por parte dos grupos políticos que

teñen unha longa representación histórica no Parlamento.

Sin embargo, eses mecanismos non impediron que o Parlamento de Cataluña estivese pechado moitos meses...

A min paréceme inconcebible que o Parlamento estivera pechado en Cataluña. Para min o erro enorme prodúcese cando de xeito sistemático se vulneraron os informes dos servizos xurídicos do Parlamento, cando se pisou por riba dos informes dos letrados. Aquí en Galicia sempre somos escrupulosamente respectuosos cos servizos xurídicos, porque sabemos que facéndonos caso non nos equivocamos. En Cataluña non só non lles fixeron caso, senón que lles pisaron por riba e os suspenderon. Foi unha cousa espantosa, vulnerando o que estaba establecido no propio regulamento do Parlamento.

No caso de Galicia, trala crise que vive En Marea, cre que volverá a ter grupo mixto o Parlamento?

Non o sei. A min en todo caso o que me gustaría e que non se vexa alterada a mecánica de funcionamento normal do Parlamento.

Ten a sensación de que Alberto Núñez Feijóo será candidato en 2020?

Vai volver a presentarse. Eu esto xa o teño claro porque hai un acontecemento que non pode quedar a expensas da improvisación que é o Xacobeo. E un acontecemento que marca un antes e un despois, que vai aportar a Galicia un beneficio espectacular e eso coincide con outra lexislatura, e penso que ahí podemos ter un lío se non está o presidente. Polo tanto, eu creo que o presidente, que lle quere moito a Galicia, ten que facer o esforzo para coordinar o Xacobeo.